


## OBRA E AUTOR

: *Asesinatos S.L., de Jack London,*  
*(rematada por Robert L. Fish)*



## DE QUE VAI

: Unha axencia segreda de asesinatos dedicada a matar por encargo a persoas corruptas e malvadas. Nun xiro do destino o seu fundador, Ivan Dragomiloff topase enfrontándose a súa propia empresa.

## TÍTULO

: O título é unha xenialidade en si mesmo, moi gráfico, usando un termo empresarial para referirse a un grupo de asasinos, e despertando o interese do lector ó primeiro vistazo. ademais condensa moi ben o transfondo da obra, e a proposta de partida.

**ARGUMENTO** : O argumento parte dunha situación case ironica, un dos personaxes, Winter Hall, contrata a unha empresa de asasinados para que dean morte ó seu fundador, un home que, do mesmo xeito que todos os membros da organización, vive movido por un sentido da ética, da xustiza e da moral moi particulares.

**ESTRUTURA** : Moi lineal. A obra transcorre ó longo dun ano, tempo de duración do contrato para asasinar o protagonista, Ivan Dragomiloff, que se supera ese espazo de tempo salvará a vida. Según transcorren os meses, a acción acelérase cara un final cando menos sorprendente.

**CONCLUSIÓN** : A novela, que Jack London non foi quen de rematar, traballo que asumiría, anos despois da morte do escritor americano, o autor Robert L. Fish, plantexa unha serie de interrogantes ó redor da ética, do concepto de xustiza e do funcionamento da sociedade dunha profundidade sorprendente para unha obra tan corta en verbas. E eses plantexamentos seguen hoxe en día en total vixencia, e así o entenderon as nosas sabias e sabios, que dedicaron dúas horas de debate a estes temas, e a valorar a visión que o autor fai deles, usando unhas personaxes cunha forza moral sen igual, que son grandes pensadores e persoas dunha enorme intelixencia, que nun momento dado entenden que a mellor maneira de axudar a nosa sociedade e dar morte as persoas que son negativas para o seu desenvolvemento, e que a partir dese momento actúan cunha frialdade sorprendente, pero que inda así son capaces de abrir unha tregua coa persoa que deben asasinar en plena persecución solo para debater se ética e moralmente están actuando con corrección ou se están abandonando o camiño correcto, ... porque, ¿quen decide que unha persoa é beneficiosa ou non para a sociedade? ¿pode un home erixirse en xuíz de outro? ¿é moralmente lícito matar a outra persoa solo porque os seus actos non sexan os supostamente correctos? ¿quen decide o que é correcto ou non nunha sociedade? A obra ademais de presentarnos todos estes interrogantes, fáino usando un relato de acción, con pasaxes como o intercambio e telegramas simplemente xeniais, e cunha personaxe perseguida loitando pola súa vida, onde curiosamente morren moitas persoas pero solo se nos narra de xeito directo unhas poucas desas mortes, de tal xeito que a violencia queda sempre en segundo plano con relación os plantexamentos morais que moven toda a acción. Xenial.

En resumo, unha obra moi recomendable, que convida e moito a pensar, e a debater.